



CULLEREDO
CONCELLO

BANDO DA ALCALDIA

Con motivo da celebración das festas do San Xoán 2015, resulta necesario regular algúns aspectos da nosa convivencia cidadá. O presente bando ven a determinar as disposicións mínimas a cumprir para o mellor disfrute das festas das lumaradas de San Xoán.

En consecuencia e en uso das facultades concedidas no artigo 124g da lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

DISPOÑO:

1. LUMARADAS

- O horario das lumaradas establececese a partir das 18.00h do día 23 de xuño ata as 4.00h do día 24 de xuño
- As lumaradas non poderán ten unha altura superior á que determinen os Servizos de Emerxencias e Seguridade Municipais que as inspeccionen, e que en todo caso estará en función da súa situación, das distancias a edificios e a outros elementos do ámbito.
- Non se poderán realizar lumaradas preto de colectores, vehículos, vivendas, etc.(seguindo os criterios do punto anterior e en todo caso cunha separación mínima de 15 metros).
- Non está permitido a realización de lumaradas nas zonas verdes, parques infantís ou nas súas proximidades.
- Non está permitido o uso de combustibles nin acelerantes nas lumaradas, sardiñadas, barbacoas e similares.
- Non se poderá acender lumaradas sen unha protección do chan con area ou materiais similares.
- As sardiñadas, barbacoas e similares non poderán realizarse ocupando calzadas nin entorpecer a circulación de vehículos; deberán contar con illamento térmico e limpiarse ao finalizar, debendo de comprobarse que están apagados os rescaldos antes de rematar; a barbacoas, grella ou similar non poderá estar apoiada directamente no chan (altura mínima 40cm).
- Deberán contar con extintor ou sistema similar para actuación ante emerxencias.
- Nas zonas onde se realicen as lumaradas, sardiñadas, barbacoas e similares, unha vez finalizadas, as persoas responsables das mesmas deberán restablecer as condicións de limpeza, seguridade, hixiene e ornato público.

2. SERVIZOS DE SEGURIDADE E EMERXENCIAS

- Os servizos de Seguridade e Emerxencias Municipais (Policía Local e Protección Civil) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto das ordenanzas municipais, de forma que no suposto de que as persoas responsables de instalacións, actos, eventos (incluídos a celebración de lumaradas, sardiñadas, barbacoas ou similares) non as retiren ou modifiquen voluntariamente en caso de ser requiridos para iso por razóns de seguridade, poidan proceder á súa retirada inmediata e traslado onde se estime necesario, iso sen prexuízo da iniciación, se é o caso, so expediente sancionador que puidese corresponder.

3. EVENTOS E ACTOS, SARDIÑADAS, BARBACOAS E SIMILARES

- Recórdase que a celebración de lumaradas, sardiñadas, barbacoas ou actos similares con motivo da celebración das festas do San Xoán están suxeitas a comunicalo ao Concello por escrito ou e-mail (medioambiente@culleredo.org) indicando os datos da persoa responsable

4. INFRACCIONS

- Nos supostos previstos na lexislación vixente e sempre que existan razóns de seguridade que o aconsellen, á Policía Local poderá proceder, como medida preventiva ao comiso e retirada de todo tipo de materiais, instalacións ou bens móbiles en xeral, logo de requirimento aos interesados cando iso fose posible. Se o comidas fose perecedeiro, procederase á súa destrución ou entrega a centros benéficos.

5. NORMAS COMPLEMENTARIAS

- A concellaría delegada de Seguridade Cidadá e Información queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos esixan.

A Alcaldía agradece a colaboración de todos os veciños de Culleredo, así como a todos os visitantes que estes días nos acompañen na celebración das festas do San Xoán 2015

Culleredo, 8 de xuño de 2015

O ALCALDE EN FUNCIÓNS

Asdo/ Julio Sacristán de Diego